

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

10874 *Real decreto 877/2014, do 10 de outubro, polo que se aproban os estatutos do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais.*

Os estatutos do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais ata agora vixentes foron aprobados mediante o Real decreto 116/2001, do 9 de febreiro.

O obxecto desta regulación consiste principalmente na aprobación duns estatutos adaptados á Lei 2/2007, do 5 de marzo, de sociedades profesionais, e ás modificacións legislativas que en materia de colexios profesionais se recollen na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades e servizos, e na Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. Abórdase, ademais, unha modificación en materia de organización interna e réxime electoral. Do mesmo modo, realízase unha revisión adaptando a linguaxe á perspectiva de xénero.

Esta adaptación reflíctese no réxime de funcións do Consello Xeral (letras r), u), v), w) e x) do artigo 2 e artigo 14.2.c). Inclúense regras relativas ao emprego de medios electrónicos na convocatoria de reunións, de conformidade coa Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. E, por fin, as principais modificacións prodúcense en materia de réxime electoral, mantense o sistema de elección da Presidencia, de conformidade co artigo 9.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, e modifícase o sistema de elección a Xunta de Goberno, que se fai recaer sobre a Asemblea Xeral en lugar de corresponder á totalidade dos colexiados.

Os presentes estatutos constan de 33 artigos agrupados en cinco capítulos. O capítulo I regula a natureza, ámbito e funcións do Consello Xeral. O capítulo II, dividido en seis seccións, regula os órganos de Goberno e establece o réxime electoral da Presidencia e membros da Xunta de Goberno. O capítulo III considera o réxime disciplinario. O réxime económico e financeiro do Consello Xeral regúlase no capítulo IV e conclúe o capítulo V co réxime xurídico.

De conformidade co artigo 6 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, correspóndelle ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a tramitación da presente modificación estatutaria e a súa elevación ao Consello de Ministros.

Co obxecto de actualizar os estatutos e de mellorar o procedemento electoral, apróbanse os estatutos do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais.

O Consello Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais, oídos os colexios profesionais da súa especialidade, elevou proposta de estatutos á consideración do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo coas previsións do artigo 6.2 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de outubro de 2014,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación dos estatutos do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais.*

Este real decreto ten por obxecto a aprobación dos estatutos do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais, cuxo texto se inclúe a continuación.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 116/2001, do 9 de febreiro, polo que se aproban os estatutos do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais, así como cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva para ditar as bases do réxime xurídico das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto e os estatutos que se aproban entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de outubro de 2014.

FELIPE R.

A ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade,
ANA MATO ADROVER

ESTATUTOS DO CONSELLO XERAL DE COLEXIOS OFICIAIS DE DIPLOMADOS EN TRABALLO SOCIAL E ASISTENTES SOCIAIS

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Natureza e ámbito.*

1. O Consello Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais é o superior órgano representativo, coordinador e executivo, nos ámbitos nacional e internacional, dos colexios oficiais de diplomados en traballo social e asistentes sociais e, de ser o caso, dos consellos autonómicos en que se integran. Ten para todos os efectos a condición de corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

2. O seu domicilio radicarán en Madrid, sen prexuízo de poder realizar reunións en calquera outro lugar do territorio nacional cando así o acorden os seus órganos de goberno.

3. O Consello Xeral relacionarase coa Administración xeral do Estado a través do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade ou daquel que por vía regulamentaria se determine.

Artigo 2. Funcións.

O Consello Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais exercerá as seguintes funcións:

- a) As atribuídas polo artigo 5 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais, aos colexios de diplomados en traballo social e asistentes sociais en canto teñan ámbito ou repercusión nacional, así como elixir a Presidencia do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais.
- b) Posuír a representación e defensa da profesión a nivel nacional e internacional e convocar congresos nacionais e internacionais.
- c) Contribuír á protección dos dereitos dos consumidores e consumidoras e dos usuarios e usuarias dos servizos prestados polas persoas colexiadas.
- d) Adoptar as medidas conducentes a evitar a intrusión profesional.
- e) Asumir a representación dos profesionais españois ante as organizacións profesionais similares doutros Estados.
- f) Aprobar o código deontolóxico, de ámbito estatal, que terá carácter obrigatorio para todos os colexios oficiais de diplomados en traballo social e asistentes sociais, ordenador do exercicio da profesión, sen prexuízo das normas deontolóxicas que cada colexio, no seu ámbito competencial territorial, poida ditar. Publicitar adecuadamente o dito código deontolóxico a través da páxina web do Consello.
- g) Elaborar os estatutos xerais dos colexios, logo de audiencia destes, que constituirán o marco estatutario dos colexios territoriais.
- h) Elaborar os seus propios estatutos e elaborar e aprobar o seu regulamento de réxime interior, así como as súas modificacións.
- i) Emitir informe preceptivo sobre os proxectos de normas estatais de modificación da lexislación de colexios profesionais.
- j) Emitir informe sobre os proxectos de disposicións xerais de carácter fiscal que afecten, concreta e directamente, os profesionais respectivos de acordo co establecido no artigo 9.j) da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais.
- k) Intervenir en todos aqueles asuntos que afecten o ordenamento e exercicio da profesión en todos os seus ámbitos e, especialmente, no permanente perfeccionamento das normas que regulen a actuación profesional conforme os principios internacionais deontolóxicos do traballo social e o Código deontolóxico nacional.
- l) Adoptar as medidas necesarias para que os colexios cumpran as resolucións do propio Consello Xeral ditadas en materia da súa competencia.
- m) Adoptar as medidas que considere convenientes para completar ou constituír as xuntas de goberno dos colexios mediante xuntas ou designacións provisionais, por petición dos colexios interesados.
- n) Actuar como órgano consultivo nos conflitos que se presenten entre os colexios oficiais e os seus respectivos consellos autonómicos, cando expresamente sexa requirido para iso por eles.
- ñ) Exercer funcións disciplinarias e de control respecto dos membros da Xunta de Goberno do Consello Xeral en todo caso, e respecto dos membros das xuntas de goberno dos colexios cando non se dispoña outra cousa nos seus estatutos ou na normativa das comunidades autónomas en materia de colexios profesionais.
- o) Resolver os recursos procedentes contra os acordos dos colexios, cando non se dispoña outra cousa na normativa das comunidades autónomas en materia de colexios profesionais, así como contra os acordos dos consellos autonómicos cando os seus estatutos así o dispoñan.
- p) Aprobar os seus orzamentos e as achegas a que veñen obrigados os colexios oficiais.
- q) Constituír e manter o censo de profesionais do traballo social a nivel estatal en coordinación cos colexios territoriais e, de ser o caso, cos consellos autonómicos.
- r) Levar o Rexistro Central de Sociedades Profesionais.

s) Aprobar e promover, a nivel estatal, propostas de políticas de fomento de emprego profesional formativas e de investigación, así como outras que favorezan o benestar social.

t) Constituír con carácter nacional institucións e servizos de asistencia e previsión para todos os colexiados.

u) Velar pola adecuada utilización do instrumento específico dos e das profesionais do traballo social que é o informe social.

v) Publicar a memoria anual prevista no artigo 11 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais.

w) Impulsar a actividade de mediación no ámbito das competencias profesionais das persoas colexiadas para os fins do disposto na Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís.

x) Promover a formación continuada dos e das profesionais e impulsar a acreditación dos niveis de formación para os fins de mellorar a empregabilidade e a calidade da atención profesional.

y) As demais funcións que lle sexan atribuídas pola lexislación vixente.

CAPÍTULO II

Órganos de goberno do Consello Xeral

Sección 1.^a Disposicións xerais

Artigo 3. *Órganos.*

Son órganos de goberno do Consello Xeral a Asemblea Xeral, a Xunta de Goberno e a Presidencia.

Sección 2.^a Da Asemblea Xeral

Artigo 4. *Composición.*

A Asemblea Xeral estará composta pola Presidencia do Consello Xeral, as presidencias dos colexios oficiais de diplomados en traballo social e asistentes sociais, e as presidencias dos consellos autonómicos.

Artigo 5. *Funcionamento.*

A Asemblea Xeral funcionará en pleno e en comisións de traballo. A creación, composición e funcións das comisións acordaraas o Pleno.

Artigo 6. *Reunións.*

1. A Asemblea Xeral reúne en sesións ordinarias e extraordinarias.

2. Por instancia da súa Presidencia, a Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario dúas veces ao ano, unha no primeiro trimestre e outra no último, e con carácter extraordinario cando a urxencia ou importancia do asunto que se vai tratar o requira ou cando así o solicite por escrito o 25 por 100 dos colexios que integren a Asemblea. Os promotores da reunión extraordinaria deberán xuntar á súa proposta os asuntos que cumpra incluír na orde do día.

3. En ambos os dous casos a convocatoria efectuarase mediante escrito da Presidencia da Xunta de Goberno remitido por calquera medio electrónico con polo menos vinte días hábiles de antelación á data sinalada para a sesión ordinaria e oito días hábiles para a extraordinaria; indicarse a orde do día e achegarse a documentación necesaria para a información dos membros da Asemblea Xeral. As convocatorias por medios electrónicos axustaranse ao disposto nos artigos 27 e 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 7. Constitución da Asemblea Xeral e toma de acordos.

1. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria coa asistencia da Presidencia e da metade dos membros con dereito a voto que a integran, entre presentes e legalmente representados.

2. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en segunda convocatoria, media hora despois da sinalada para a primeira, cando asista un terzo dos membros con dereito a voto que a compoñen entre presentes e legalmente representados.

3. A adopción válida de acordos, tanto en primeira como en segunda convocatoria, requirirá o cumprimento dos mínimos de asistencia exixidos para a constitución da Asemblea Xeral.

4. Os acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral serán executivos e vincularán os membros desta, os colexios oficiais e, de ser o caso, os consellos autonómicos, así como a todas as persoas colexiadas.

5. A representación de cada colexio disporá dun número de votos proporcional ao número de persoas colexiadas, e computarase un voto por cada 50 colexiados ou fracción ata 500. A partir de 501 persoas inscritas terase un voto por cada 100 máis.

A Asemblea Xeral adoptará os acordos por maioría; será ademais necesario o voto favorable de máis dun terzo da representación dos colexios presentes.

6. As persoas que integran a Xunta de Goberno poderán participar na Asemblea Xeral con voz, pero sen voto.

7. As presidencias dos consellos autonómicos forman parte da Asemblea con voz, pero sen voto.

8. A Presidencia do Consello Xeral terá voto de calidade nas sesións da Asemblea Xeral.

Artigo 8. Representación delegada.

1. As persoas que constitúen a Asemblea Xeral, sen prexuízo da excepción prevista nestes estatutos para a elección da Presidencia no artigo 21.3, poderán delegar a súa representación, con todos os dereitos e deberes inherentes ao cargo, nalgún integrante dos órganos de goberno do Colexio a que pertenza, na Presidencia doutro colexio da mesma comunidade autónoma ou na Presidencia de calquera outro colexio. Igualmente, de ser o caso, as presidencias dos consellos autonómicos poderán delegar a súa representación nun membro da súa xunta de goberno ou nun representante dun colexio oficial do seu ámbito autonómico.

2. A representación delegada de voto a que se refire o parágrafo anterior será válida para cada asemblea, e deberase comunicar por escrito con carácter previo á Asemblea Xeral.

3. A revogación do citado dereito producirase de xeito automático pola soa presenza da persoa representada na Asemblea Xeral que se convoque.

Artigo 9. Funcións da Asemblea Xeral.

Son funcións da Asemblea Xeral as seguintes:

- a) Elaborar os estatutos do Consello Xeral e aprobar o seu regulamento de réxime interior, así como as súas respectivas modificacións.
- b) Elaborar os estatutos xerais dos colexios oficiais de diplomados en traballo social e asistentes sociais.
- c) Aprobar o código deontolóxico da profesión, de ámbito estatal.
- d) Aprobar o plan anual de actuación e o orzamento do Consello Xeral, así como a memoria anual e a liquidación de contas.
- e) Aprobar os programas de traballo da Xunta de Goberno.
- f) Elixir a Xunta de Goberno do Consello Xeral.
- g) Exixir responsabilidade da Xunta de Goberno ou da súa Presidencia, promovendo, se é o caso, moción de censura contra estas e aprobar o cesamento dos membros da

Xunta de Goberno nos casos previstos no artigo 23, parágrafo segundo, dos presentes estatutos.

h) Intervir en todos aqueles asuntos que afecten o ordenamento e exercicio da profesión en todos os seus ámbitos e, especialmente, no permanente perfeccionamento das normas que regulan a actuación profesional conforme os principios internacionais deontolóxicos do traballo social e o Código deontolóxico estatal.

i) Crear comisións de traballo e establecer a composición, materias de traballo e calendario de actuación destas.

j) Fixar as achegas dos colexios oficiais ao Consello Xeral.

k) Dirimir os conflitos que se susciten entre os consellos ou os colexios profesionais pertencentes a diferentes comunidades autónomas.

l) Exercer a potestade disciplinaria nos casos previstos nos presentes estatutos.

m) Decidir sobre todas as cuestións da vida colexial e profesional que lle sexan atribuídas por norma estatal ou autonómica.

Sección 3.^a Da Xunta de Goberno

Artigo 10. Composición.

A Xunta de Goberno do Consello Xeral estará composta pola Presidencia do Consello, dúas persoas que asumirán a Vicepresidencia, a Secretaría Xeral, Tesouraría e seis vogais.

O número de vogais poderá ser ampliado ata oito cando as necesidades o requiran, por acordo da Asemblea Xeral.

Artigo 11. Funcionamento.

A Xunta de Goberno actuará en pleno e en comisión permanente. A Comisión Permanente estará integrada pola Presidencia do Consello Xeral, unha persoa que represente a Vicepresidencia, a Secretaría Xeral, a Tesouraría e un vogal.

Artigo 12. Reunións.

1. A Xunta de Goberno en pleno reunirse con carácter ordinario polo menos cada tres meses. Así mesmo, reunirse con carácter extraordinario cando concorran circunstancias de especial relevancia ou cando o solicite un terzo dos seus membros.

As reunións serán convocadas pola Presidencia, con polo menos dez días de antelación á súa realización, polos medios electrónicos dispoñibles, en particular, correo electrónico, con suxeición ao disposto nos artigos 27 e 28 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e xuntarse a correspondente orde do día. Non obstante, o cumprimento do dito prazo non será preceptivo cando se trate de convocatorias extraordinarias.

O Pleno considerarase validamente constituído cando o número de asistentes á reunión sexa superior á metade máis un das persoas que integran a Xunta de Goberno.

2. A Comisión Permanente da Xunta de Goberno reunirse con carácter ordinario unha vez ao mes, prazo que se poderá reducir cando os asuntos que se vaian tratar así o requiran. En todo caso, a orde do día deberáselles comunicar aos seus integrantes polo menos con cinco días de antelación.

Para a válida constitución da Comisión Permanente exixírase a presenza na reunión da metade máis un das persoas que a compoñen.

3. Para a aprobación de acordos, tanto no Pleno coma na Comisión Permanente, será necesario que voten favorablemente a metade máis un dos membros presentes conforme o estipulado nos presentes estatutos.

Artigo 13. Funcións.

Son funcións da Xunta de Goberno:

- a) Velar polo cumprimento e execución dos acordos adoptados pola Asemblea Xeral e ditar para tal efecto as normas e ordes precisas, así como promover tecnicamente as iniciativas que lle encomende a dita asemblea.
- b) Fixar a orde do día das sesións da Asemblea Xeral; nela poderanse incluír as propostas que efectúen por escrito os colexios e consellos autonómicos de colexios.
- c) Presentar, para a súa aprobación pola Asemblea Xeral, o plan anual de actuación, os orzamentos xerais e a súa liquidación e a memoria anual do Consello Xeral.
- d) Redactar o proxecto de Regulamento de réxime interior do Consello Xeral e as súas modificacións, para a súa posterior aprobación pola Asemblea Xeral.
- e) Coñecer os proxectos de reforma dos estatutos do Consello Xeral, dos estatutos xerais dos colexios oficiais e do código deontolóxico da profesión de ámbito estatal antes da súa aprobación pola Asemblea Xeral.
- f) Propor, promover e realizar traballos de investigación de interese xeral para a profesión, así como accións formativas en todos os campos e sectores da actividade profesional, no marco do plan anual de actuación.
- g) Promover e organizar congresos, xornadas, reunións ou seminarios de carácter nacional ou internacional que redunden en beneficio da profesión.
- h) Xestionar as publicacións do Consello Xeral e impulsar a elaboración de documentos de divulgación directamente relacionados coa profesión.
- i) Informar os colexios oficiais e consellos autonómicos de colexios sobre temas de interese xeral e dar resposta ás consultas que estes formulen.
- j) Promover e potenciar a coordinación entre os colexios.
- k) Impulsar e executar cantas actuacións sexan necesarias no ámbito estatal, no da Unión Europea e no dos restantes ámbitos internacionais, tendentes a lograr un maior coñecemento e prestixio da profesión.
- l) Defender os intereses profesionais e combater a intrusión profesional no ámbito estatal.
- m) Exercer a potestade disciplinaria nos casos previstos nestes estatutos.
- n) Desenvolver todas aquelas funcións do Consello Xeral que non estean atribuídas á Asemblea Xeral e as que expresamente lle sexan delegadas por parte dela.

Artigo 14. *Funcións dos membros da Xunta de Goberno.*

1. Vicepresidencias:

- a) A Vicepresidencia Primeira realizará todas aquelas funcións que lle sexan expresamente delegadas pola Presidencia, e asumirá ademais todas as que corresponden a este en caso de ausencia, enfermidade, falecemento, destitución, renuncia desta ou calquera outro impedimento legal. Nos catro últimos supostos, a substitución prolongarase ata o nomeamento dunha nova presidencia, e nun prazo de quince días contados desde aquel en que teña lugar o feito que provoque a substitución deberán convocarse eleccións para a cobertura da vacante.
- b) Así mesmo, a Vicepresidencia Segunda substituirá a Vicepresidencia Primeira no exercicio das súas funcións nos supostos sinalados na letra anterior.

2. Secretaría Xeral. Corresponden á Secretaría Xeral as seguintes funcións:

- a) Asistir a todas as reunións da Asemblea Xeral, da Xunta de Goberno e da Comisión Permanente que teñan lugar, e levantar as actas destas e autorizalas, achegando toda a documentación e expedientes que se requiran en cada reunión.
- b) Levar os libros de actas, así como os libros de arquivo e quenda de relatorios; expedir e autorizar as certificacións que se expidan, así como tramitar as comunicacións, ordes e circulares que adopten a Presidencia do Consello Xeral e a Xunta de Goberno.
- c) Levar o censo das persoas colexiadas de ámbito estatal e por comunidades autónomas, en coordinación cos colexios territoriais e, de ser o caso, cos consellos autonómicos.

Levar o Rexistro Central de Sociedades Profesionais, efectuar as inscricións relacionadas con este e expedir as certificacións pertinentes.

d) Recibir e dar conta á Presidencia de todas as solicitudes e comunicacións que se remitan ao Consello.

e) Autorizar os libramentos de pagamento que deberá visar a Presidencia.

f) Desempeñar a xefatura de persoal laboral do Consello Xeral.

3. Tesouraría. Corresponden á Tesouraría as seguintes funcións:

a) Propor e xestionar as accións que se precisen para a boa marcha das finanzas do Consello Xeral.

b) Executar os pagamentos autorizados pola Secretaría Xeral; para tal fin emitiranse os documentos de pagamento que resulten necesarios.

c) Levar a contabilidade e o control orzamentario do Consello Xeral e dar conta deles, polo menos semestralmente, á Xunta de Goberno.

d) Formar e entregar a conta xeral de cada exercicio económico que deberá render á Asemblea Xeral na reunión que esta realice o primeiro trimestre de cada ano.

e) Formar e redactar o proxecto de orzamento de ingresos e gastos ordinarios que deberá someter á aprobación da Asemblea Xeral na última reunión do ano que esta realice.

4. Vogais. Corresponden aos vogais as seguintes funcións:

a) Desenvolver os contidos da súa vogalía sobre a base do plan de actuación da Xunta de Goberno.

b) Formar parte das comisións relacionadas coa súa vogalía e, se é o caso, representar a Presidencia destas cando lles corresponda ou nos casos en que por delegación da Presidencia lles sexa asignada.

c) Informar nas sesións ordinarias da Xunta de Goberno e nas asembleas xerais de todos os asuntos relacionados coas comisións de que formen parte e emitir informe sobre estes cando en calquera momento sexan requiridos para iso polos órganos de goberno do Consello Xeral.

d) Substituír a Secretaría Xeral e a Tesouraría nos casos de ausencia, enfermidade ou calquera outra circunstancia de carácter provisional.

Sección 4.^a Da Presidencia

Artigo 15. Funcións da Presidencia do Consello Xeral.

Corresponden á Presidencia as seguintes funcións:

a) Representar o Consello Xeral e, nos ámbitos estatal e internacional, toda a organización colexial.

b) Convocar e presidir todas as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta de Goberno, e dirixir e ordenar o seu desenvolvemento.

c) Nomear as comisións necesarias para o mellor despacho dos asuntos de interese da Asemblea Xeral cando esta delegue na Presidencia.

d) Asignarlles aos membros da Xunta de Goberno funcións que non estean estatutariamente previstas.

e) Visar os libramentos e certificacións que expida o secretario xeral.

f) Dirimir con voto de calidade os empates que se produzan nas votacións da Xunta de Goberno ou da Asemblea Xeral.

g) Autorizar coa súa sinatura os informes e comunicacións que emitan a Xunta de Goberno ou a Comisión Permanente e as contas bancarias e depósitos que se abran a nome do Consello Xeral; outorgar poderes xerais ou especiais para preitos, con capacidade para absolver posicións e de representación en nome do Consello Xeral e, en

xeral, calquera actuación de representación dos órganos colexiais dos cales exerza a presidencia e, en concreto:

En materia económica e sen exclusión ningunha, realizar toda clase de actos de disposición e de gravame, respecto ao patrimonio propio do Consello e, en especial: 1. Administrar bens; 2. Pagar e cobrar cantidades; 3. Facer efectivos libramentos, dar ou aceptar bens en ou para pagamento; 4. Outorgar transaccións, compromisos e renunciacións; 5. Comprar, vender, retraer e permutar, pura ou condicionalmente con prezo confesado ou aprazado, ou pagado ao contado, toda clase de bens, mobles e inmobles, dereitos reais e persoais; 6. Disolver comunidades de bens e condominios, declarar obras novas, melloras, excesos de cabida; 7. Constituír, aceptar, dividir, allear, gravar, redimir e extinguir usufrutos, servidumes, opcións e arrendamentos inscribíbles e demais dereitos reais, exercendo todas as facultades derivadas deles; 8. Constituír hipotecas; 9. Tomar parte en concursos e poxas, facer propostas e aceptar adjudicacións; 10. Aceptar a beneficio de inventario e repudiar herdanzas e legados; 11. Contratar, modificar, rescindir e liquidar seguros de toda clase; 12. Operar en caixas oficiais, caixas de aforros e bancos, mesmo no Banco de España, e nas súas sucursais, facendo todo canto a lexislación e prácticas bancarias permitan; seguir, abrir e cancelar contas e cartillas de aforro, contas correntes e de crédito e caixas de seguridade; 13. Librar, aceptar, endosar, cobrar, intervir e negociar letras de cambio e outros efectos; 14. Comprar, vender, cambiar e peñorar valores e cobrar os seus xuros, dividendos e amortizacións; concertar pólizas de crédito, xa sexa persoais ou con peñoramento de valores, con bancos e establecementos de crédito, mesmo co Banco de España e coas súas sucursais, e asinar os oportunos documentos, e 15. Modificar, transferir, cancelar, retirar e constituír depósitos de efectivo ou valores provisionais ou definitivos.

Para o alleamento ou establecemento de gravame sobre o patrimonio inmobiliario, a Presidencia deberá ter a autorización previa da Asemblea Xeral. Para a realización de gastos non recollidos no orzamento aprobado ou para aqueloutros que orixinen desviacións orzamentarias, a Presidencia deberá obter o acordo da Xunta de Goberno.

h) 1. Instar actas notariais de todas as clases e facer, aceptar e contestar notificacións e requirimentos notariais; 2. Comparecer ante centros e organismos do Estado e das comunidades autónomas, provincia e municipio, xuíces, tribunais, fiscalías, sindicatos, delegacións, comités, xuntas, xurados e comisións, e neles instar, seguir e rematar como demandante, demandado ou en calquera outro concepto, toda clase de expedientes, xuízos e procedementos civís, penais, administrativos, contencioso-administrativos, gubernativos, laborais, de todos os graos, xurisdicións e instancias, elevando peticións e exercendo accións e excepcións en calquera procedemento, trámite e recurso, mesmo de casación; prestar cando se requira a ratificación persoal; outorgar poderes coas facultades de detalle; revogar poderes e substitucións; 3. Interpor toda clase de recursos ante a Administración do Estado, comunidades autónomas, provincia ou municipio, por petición da xunta de goberno do colexio respectivo; 4. Outorgar poderes ou delegar todas ou algunhas das facultades que lle corresponden a un ou varios membros da Xunta de Goberno, e 5. Aceptar, desempeñar e renunciar mandatos e poderes dos colexios oficiais de diplomados en traballo social e asistentes sociais.

i) Designar o instrutor de cantos expedientes informativos ou sancionadores se instrúan contra os membros dos órganos de goberno do Consello.

Sección 5.^a Procedemento electoral da Presidencia e membros da Xunta de Goberno

Artigo 16. Condicións de elixibilidade.

1. Poderán ser elixibles para o cargo da presidencia e membros da Xunta de Goberno todas as persoas colexiadas que, estando no exercicio da profesión, reúnan os requisitos previstos nos números seguintes e non estean incursas en incompatibilidade, de conformidade co disposto no artigo 7.3 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais.

2. Para poder acceder ao cargo da presidencia deberase acreditar a colexiación durante cinco anos consecutivos e inmediatamente anteriores á data de presentación da candidatura e ter exercido a profesión durante o mesmo número de anos, sen que estes deban ser correlativos.

3. Para o resto dos cargos deberase acreditar estar colexiado e no exercicio da profesión polo menos durante tres anos, nas mesmas condicións que as establecidas para o cargo de presidencia.

4. A acreditación ante o Consello Xeral dos requisitos realizarana as correspondentes xuntas de goberno dos colexios oficiais en que estean colexiados os candidatos.

5. En ningún caso se admitirá a presentación dunha mesma persoa para varios cargos da Xunta de Goberno.

Artigo 17. *Electores.*

Terán dereito a voto para a elección dos cargos da Xunta de Goberno:

a) Para a elección da Presidencia, todas as persoas que ocupen o cargo da presidencia dos colexios oficiais de diplomados en traballo social e asistentes sociais, con excepción da Presidencia saínte para o caso de que se presente a reelección.

b) Para a elección da Vicepresidencia, Secretaría Xeral, Tesouraría e vogais, a Asemblea Xeral do Consello Xeral, con excepción das persoas que ocupen o cargo da presidencia dos consellos autonómicos que forman parte desta con voz pero sen voto.

Artigo 18. *Presentación de candidaturas para a elección da Presidencia e dos restantes membros da Xunta de Goberno do Consello Xeral.*

1. As persoas colexiadas que, reunindo os requisitos establecidos nos números 1 e 2 do artigo 16 dos presentes estatutos, pretendan acceder ao cargo da presidencia do Consello Xeral remitirán as súas candidaturas no prazo de trinta días hábiles, contados a partir da data de convocatoria das eleccións, á Secretaría Xeral do Consello Xeral por conduto dos colexios oficiais.

Nas ditas candidaturas constarán o nome e apelidos da persoa candidata e irán acompañadas do seu *curriculum vitae* e do programa de traballo.

2. As candidaturas a Vicepresidencia, Secretaría Xeral, Tesouraría e vogais serán pechadas e bloqueadas, e nelas constarán o nome e os apelidos de persoa candidata e asignación dos respectivos cargos. As candidaturas serán acompañadas do *curriculum vitae* de cada unha delas e do seu correspondente programa de traballo. Cada candidatura incluirá o nome de dous suplentes, que deberán reunir os mesmos requisitos establecidos para as persoas candidatas.

3. A Xunta de Goberno do Consello Xeral admitirá as candidaturas para os cargos mencionados no número 2 deste artigo, remitidas á Secretaría Xeral deste, por conduto dos colexios oficiais, no prazo de trinta días hábiles desde a data da convocatoria das eleccións.

4. Nos cinco días seguintes á finalización do prazo para a presentación das candidaturas aos cargos da presidencia e dos restantes cargos da Xunta de Goberno sinalados no número 2 deste artigo, a Xunta de Goberno do Consello Xeral comunicaralles aos colexios por calquera medio fidedigno, mesmo electrónico, as candidaturas que reúnan os requisitos exixidos no artigo 16 dos presentes estatutos, e establecerase un prazo de dous días para a emenda, se é o caso, das irregularidades detectadas nelas. Emendadas as ditas irregularidades, procederase á proclamación das respectivas candidaturas.

5. Os colexios que quixeren formular reclamacións contra as respectivas listas de candidaturas deberán presentalas dentro dos cinco días seguintes á súa comunicación polo Consello Xeral. A Xunta de Goberno do Colexio remitirá as reclamacións ao Consello Xeral, cuxa Xunta de Goberno as resolverá dentro dos sete días seguintes á súa recepción, e remitiralles aos colexios as listas definitivas.

Artigo 19. *Elección da Vicepresidencia, Secretaría Xeral, Tesouraría e vogais.*

1. A elección da Vicepresidencia, Secretaría Xeral, Tesouraría e vogais da Xunta de Goberno do Consello Xeral efectuarase a Asemblea Xeral do Consello convocada en sesión extraordinaria para tal efecto dentro dos 60 días seguintes ao da convocatoria electoral.

2. A elección dos cargos mencionados no número anterior deste artigo efectuarase entre as candidaturas que fosen proclamadas como tales pola Xunta de Goberno do Consello Xeral.

Artigo 20. *Votación e escrutinio.*

1. Convocada a asemblea prevista no artigo 19.1 dos presentes estatutos, o día da realización desta constituirase unha mesa electoral integrada por tres membros, que serán elixidos por sorteo de entre os integrantes da Asemblea. As candidaturas presentadas poderán designar un interventor.

2. O voto será secreto e admitirase a representación prevista no artigo 8 dos presentes estatutos.

3. A votación efectuarase por orde alfabética dos colexios. Cada membro da Asemblea poderá depositar tantas papeletas como correspondan á representación do seu colexio.

4. As persoas electoras poderán votar unha soa das candidaturas presentadas.

5. Concluída a votación, a mesa electoral efectuará o recuento dos votos. A candidatura que obteña máis votos será proclamada pola Asemblea do Consello Xeral.

6. Proclamado o resultado do escrutinio, os cargos elixidos tomarán inmediata posesión ante a Asemblea Xeral.

7. No caso de presentación dunha única candidatura, convocarase a Asemblea Xeral nos termos previstos neste artigo para os efectos da proclamación e toma de posesión dos cargos.

Artigo 21. *Elección da Presidencia: votación, escrutinio e proclamación.*

1. A elección da Presidencia do Consello Xeral efectuarase a continuación e na mesma sesión extraordinaria da Asemblea Xeral convocada para a elección dos membros da Xunta de Goberno do Consello Xeral.

2. A Presidencia do Consello Xeral será elixida de entre as candidaturas directamente presentadas para o dito cargo que reúnan os requisitos previstos no artigo 16 destes estatutos.

3. A votación será persoal e secreta, e corresponderalles a todas as presidencias dos colexios de traballo social sen que se admita a representación regulada no artigo 8 dos presentes estatutos.

4. Finalizada a votación, procederase á apertura da urna e á lectura en voz alta dos votos. Rematado o escrutinio destes, proclamarase como Presidencia electa a persoa candidata que obtivese maior número de votos ou, en caso de empate, a de maior antigüidade colexial.

5. Proclamado o resultado do escrutinio, a Presidencia electa tomará posesión do cargo ante a Asemblea Xeral.

Artigo 22. *Duración do mandato.*

A duración do mandato da Presidencia do Consello Xeral e da Xunta de Goberno será de catro anos, computados a partir da data da súa toma de posesión, e os seus membros poderán ser reelixidos por dúas veces e polo mesmo período de tempo.

Artigo 23. Cesamento.

A Presidencia e os restantes membros da Xunta de Goberno cesarán nos seguintes supostos:

- a) Terminación do mandato.
- b) Renuncia do interesado.
- c) Condena por sentenza firme que comporte inhabilitación para cargos públicos.
- d) Sanción disciplinaria por infracción moi grave.
- e) Perda das condicións de elixibilidade expresadas no artigo 16.
- f) Moción de censura aprobada conforme estes estatutos.

Os membros da Xunta de Goberno poderán, ademais, ser cesados por petición de calquera das persoas que a integran ou da Presidencia do Consello por inasistencia inustificada ao corenta por cento das reunións convocadas nun ano.

Sección 6.^a Da moción de censura**Artigo 24. Moción de censura.**

1. A Asemblea Xeral poderá exixir responsabilidade da Xunta de Goberno ou da súa Presidencia mediante a adopción por maioría absoluta dun voto de censura.

2. A moción de censura deberá ser proposta por escrito polo menos por un 20 por 100 dos membros da Asemblea Xeral, expresando con claridade nel as razóns en que se funda.

3. A moción de censura presentarase ante a Presidencia do Consello Xeral, a cal estará obrigada a convocar unha asemblea xeral extraordinaria no prazo de vinte días desde a presentación daquela, e que deberá ter lugar no prazo de trinta días hábiles desde a convocatoria.

4. Se a moción de censura resultar aprobada pola asemblea xeral extraordinaria, esta designará unha Xunta de Goberno provisional que convocará novas eleccións no prazo de trinta días hábiles.

CAPÍTULO III**Procedemento disciplinario****Sección 1.^a Ámbito da xurisdición disciplinaria e tipificación das infraccións e sancións****Artigo 25. Potestade disciplinaria.**

1. Correspóndelle á Xunta de Goberno do Consello Xeral o exercicio da potestade disciplinaria respecto dos membros das xuntas de goberno dos colexios oficiais, cando non se dispoña outra cousa na normativa autonómica en materia de colexios profesionais.

2. A Asemblea Xeral exercerá a potestade disciplinaria sobre os membros de todos os órganos integrantes do Consello Xeral.

Artigo 26. Infraccións.

1. Serán sancionables todas as accións ou omisións en que incorran os membros dos órganos de goberno dos colexios oficiais e do Consello Xeral en exercicio dos seus cargos e se encontren tipificadas como infraccións nestes estatutos.

2. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

- A) Son infraccións leves:
- a) A negligencia no exercicio das funcións inherentes ao cargo, así como a obstrución de funcións propias doutros membros dos órganos de goberno a que se refire o artigo anterior cando estas non constitúan infracción grave.
 - b) A falta de respecto cara a outros membros dos mencionados órganos de goberno cando actúen en exercicio dos seus cargos.
 - c) A falta de asistencia non xustificada á convocatoria da Presidencia do órgano respectivo.
- B) Son infraccións graves:
- a) O incumprimento grave dos deberes e funcións inherentes ao cargo.
 - b) A desviación de poder, o abuso de dereito e a extralimitación de funcións.
 - c) O incumprimento dos acordos validamente adoptados polos órganos de goberno do Consello Xeral.
 - d) As faltas de asistencia reiteradas e non xustificadas á convocatoria da Presidencia do órgano respectivo.
- C) Son infraccións moi graves:
- a) As accións e omisións que prexudiquen gravemente os intereses xerais da profesión.
 - b) A malversación de fondos económicos do Consello Xeral, así como dos colexios oficiais.
 - c) As accións e omisións tipificadas no Código penal como delitos dolosos.
 - d) O encubrimento da intrusión profesional e as accións e omisións que atenten contra as normas deontolóxicas da profesión.

Artigo 27. Sancións.

A comisión dos actos tipificados no artigo anterior poderá determinar a imposición das seguintes sancións:

1. Para as infraccións leves:
 - a) Apercibimento por escrito.
 - b) Amoestación privada.
2. Para as infraccións graves:
 - a) Amoestación pública.
 - b) Suspensión no exercicio do cargo por período máximo de seis meses.
3. Para as infraccións moi graves:
 - a) Suspensión no exercicio do cargo durante un ano.
 - b) A perda da condición de membro do correspondente órgano de goberno.

En todo caso, deberase atender ao principio de proporcionalidade entre a infracción cometida e a sanción que se deberá impor, e poderase agravar esta como consecuencia de concorreren circunstancias especialmente negativas para a profesión ou para a correspondente organización colexial.

Artigo 28. Prescrición.

1. As infraccións leves prescribirán aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contar desde o día en que a infracción se tivese cometido.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e o prazo de prescrición volverá transcorrer se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

2. As sancións impostas por infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por infraccións graves aos dous anos e as impostas por infraccións moi graves aos tres anos.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola cal se impón a sanción.

Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e o prazo volverá transcorrer se aquel estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Sección 2.^a Procedemento sancionador

Artigo 29. Actuacións previas e expediente sancionador.

1. Con anterioridade á iniciación de procedemento sancionador, poderanse realizar actuacións previas co obxecto de determinar con carácter preliminar se concorren circunstancias que xustifiquen tal iniciación. En especial, estas actuacións orientaranse a determinar, coa maior precisión posible, os feitos susceptibles de motivar a incoación do procedemento, a identificación da persoa ou persoas que puidesen resultar responsables e as circunstancias relevantes que concorran nuns e noutros.

2. Para a imposición de sancións leves, en que será preceptiva a audiencia previa dos afectados, incoarase o expediente sancionador previsto nos parágrafos seguintes, e os prazos de tramitación poderanse reducir á metade por proposta do instrutor. Para a imposición das sancións graves e moi graves será preceptiva a apertura de expediente sancionador, para cuxo efecto a Presidencia do Consello Xeral designará, logo de acordo da Xunta de Goberno, unha persoa instrutora, nomeamento que poderá recaer sobre calquera colexiado.

Cando a apertura de expediente sancionador se practique a un membro da Asemblea Xeral, será esta a que designe o instrutor, sen a concorrencia do procesado.

3. A persoa a cargo da instrución poderá estar acompañada pola Secretaría Xeral da Xunta de Goberno nas dilixencias que se efectúen, sempre que non sexa parte directa ou indirectamente afectada no correspondente procedemento sancionador.

4. A apertura do expediente, que conterá unha relación sucinta dos feitos constitutivos de infracción e das sancións que puidesen ser obxecto de aplicación, deberá ter lugar no prazo de dez días hábiles desde o de coñecemento dos feitos e deberase comunicar de forma fidedigna ao interesado.

5. No prazo improrrogable de quince días hábiles desde o seguinte ao da recepción do escrito de comunicación da apertura do expediente sancionador, a persoa interesada deberá tramitar o prego de descargos, efectuará as alegacións que considere pertinentes e achegará e propondrá a práctica das probas que valore necesarias.

A non formulación de prego de descargos non impedirá a ulterior tramitación do expediente.

6. Practicadas, se é o caso, as probas propostas pola persoa interesada e as que de oficio decidise a persoa a cargo da instrución, esta formulará proposta de resolución do expediente, que se lle notificará á persoa interesada, e concederáselle ao respecto prazo para formular alegacións, salvo que non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo propio interesado. A instrución elevará a proposta de resolución á Xunta de Goberno ou á Asemblea Xeral, segundo proceda, a cal deberá ditar a correspondente resolución nun prazo improrrogable de trinta días hábiles desde a recepción da proposta da instrución.

Artigo 30. Resolución do expediente.

1. A resolución da Xunta de Goberno ou da Asemblea Xeral, segundo proceda, que se deberá comunicar por escrito e de forma fidedigna á persoa interesada, porá fin á vía administrativa e será directamente impugnabile ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Contra a citada resolución poderase recorrer en reposición ante o Consello Xeral, segundo o establecido no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Cando o expediente se formule contra a Presidencia, ou contra calquera outro membro da Xunta de Goberno do Consello Xeral ou da Asemblea Xeral do Consello Xeral, corresponderalle á propia Asemblea, reunida en sesión extraordinaria, ditar, sen a concorrencia daquel, a resolución que resolva o expediente, seguindo os trámites previstos nos artigos anteriores.

CAPÍTULO IV

Réxime económico e financeiro*Artigo 31. Recursos económicos do Consello Xeral.*

Constitúen recursos económicos do Consello Xeral para o cumprimento dos seus fins:

a) O 25 por 100 da cota de inscrición de todo novo colexiado. Para tal fin, cada colexio remitirá semestralmente ao Consello unha relación numérica dos colexiados dados de alta no dito período, e aboaralle a este, dentro do mesmo prazo, a participación correspondente.

b) As cotas que os colexios oficiais deberán satisfacer en función do número de persoas colexiadas, que serán anualmente aprobadas pola Asemblea Xeral.

c) Subvencións, donativos e legados que poida recibir.

d) Calquera outro ingreso que poida lícitamente percibir.

Artigo 32. Responsabilidade.

O incumprimento por parte dos colexios das súas obrigas económicas respecto do Consello Xeral será reclamado por este ante a xurisdición ordinaria.

CAPÍTULO V

Réxime xurídico*Artigo 33. Recursos administrativos e xurisdicionais.*

1. Os actos dos órganos dos colexios oficiais e dos consellos autonómicos serán obxecto de recurso de alzada ante a Xunta de Goberno do Consello Xeral nos termos e prazos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, cando non se dispoña outra cousa na normativa autonómica aplicable.

2. Os actos do Consello Xeral poñen fin á vía administrativa e son directamente impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa, salvo a interposición potestativa do recurso de reposición conforme establece o artigo 116 da Lei 30/1992, anteriormente mencionada.

3. Unha vez esgotados os recursos corporativos, os actos dos órganos dos colexios, en canto están suxeitos ao dereito administrativo, serán directamente impugnables ante a xurisdición contencioso-administrativa.